

Galicia Encantada



ANIVERSARIO

2005 ✻ 2025

Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

CANCIÓN Mitoloxía da Nai no Valadouro



A **Asociación Seminario de Estudos do Valdouro** (SEVA) continúa coa publicación dos *Cadernos do Seminario de Estudos do Valdouro* e achéganos o nº 3, obra da autoría de **Xesús Pisón** titulada "*CANCIÓN Mitoloxía da Nai no Valdouro*".

Xesús Pisón (O Valdouro, 1954) é ben coñecido polas súas múltiples facetas creativas, vencellado ao teatro e á creación artística en diferentes disciplinas (pintura, poesía, narrativa, investigación, ensaio...), é o autor deste estudo sobre a presenza da **Nai** como deusa e personaxe mitolóxico na nosa cultura popular. Os relatos sobre os que se constrúe o ensaio arredor da **Nai** proceden do libro "*Contos do Valdouro*", publicación que asinaron no seu día **Manuel Lourenzo**, **Isaac Ferreira** e o propio **Xesús Pisón**.

O debuxo de portada "Tres bruxas do Xistral bailando unha noite de lúa" é obra do polifacético e exquisito artista, tamén nacido no Valdouro, **Xosé Blanco**.

Unha obra moi recomendable, sobre todo porque sobre as pegadas, crenzas, ritos e relatos de carácter local, o autor é quen de transportarnos á universalidade do mito.

PDF (actualizado en xuño de 2023)

